

Luís Filipe Lindley Cintra
(1925-1991)

RAMÓN LORENZO

O 18 de agosto deste ano morreu en Lisboa Luís Filipe Lindley Cintra, Catedrático da Universidade de Lisboa, o investigador portugués de máis proxección fóra do seu país e unha das figuras sobranceiras da cultura científica portuguesa no século XX.

Cintra naceu en Lisboa o 5 de marzo de 1925, facendo o bacharelato nesa cidade, entre 1935 e 1942, e pasando despois á Facultade de Letras para estudia-la sección de Filoloxía Románica, de 1942 a 1946. Neste ano obtivo a licenciatura con toda brillantez, tras presentar como traballo de investigación, no mes de xullo, un estudio sobre *O ritmo na poesía de António Nobre*.

Despois da licenciatura, comezou a prepara-la súa tese de doutoramento, escollendo como tema a edición da *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Pasa tres anos en Madrid, desde 1947 a 1950, e en outubro de 1950 regresa a Portugal para pasar a ser profesor asistente da Sección de Filoloxía Románica na Facultade de Letras, continuando coa súa investigación sobre a *Crónica*. Dous anos máis tarde, en 1952, presenta a tese de doutoramento, celebrándose as probas da defensa do seu traballo no ano seguinte. Xa conseguido o doutoramento, en setembro de 1953 pasa a ser primeiro asistente na Facultade de Letras. Desde entón exerce unha grande actividade investigadora e docente, participando en numerosos congresos e coloquios e mesmo organizando algúns. Prepara tamén a súa edición dos *Foros de Castelo Rodrigo*, que presenta en 1959 como disertación para concursar á praza de Profesor Agregado da Facultade de Letras, realizando os exames en xaneiro de 1960 e obtendo a praza. Por fin, en 1962 preséntase e gaña por concurso-oposición a cátedra de Filoloxía Románica da Facultade de Letras de Lisboa, onde imparte a docencia ata a súa morte.

O Prof. Cintra alternou sempre a súa actividade investigadora coa docencia universitaria e con labores de organización e dirección de traballos e institucións. Como profesor impartiu clases de Lingüística Románica, de Lingüística Portuguesa, de Literatura Portuguesa Medieval, de Fonética Xeral (a. 1957-1958) e nos últimos anos de Introducción ós Estudos Lingüísticos (1960-1962 e de 1967 en diante). Ó longo da súa extensa carreira universitaria, sempre se preocupou polos

estudantes e mesmo en épocas difíciles durante a dictadura de Salazar, como no ano 1962, apoiounos e púxose á cabeza das súas manifestacións en contra da represión. Tampouco lles negou en ningunha ocasión a axuda ós seus discípulos e ós investigadores desde os distintos postos que ocupou, apoiando na elaboración de traballos ós principiantes ou dirixindo teses de doutoramento, que suman unha boa cantidade desde as primeiras de Maria Leonor Carvalhão Buescu (*Monsanto. Etnografía e Linguagem*, Lisboa, Centro de Estudos Filolóxicos, 1961), Maria Isabel Vilares Cepeda (*A linguagem da "Imitação de Cristo" (versão portuguesa de Fr. João Álvares*, Lisboa, Centro de Estudos Filolóxicos, 1962), Maria Rosa Lila Dias Costa (*Murteira. Uma povoação do Concelho de Loures. Etnografia. Linguagem. Folclore*, Lisboa, Junta Distrital de Lisboa, 1961), Joana Lopes Alves (*A linguagem dos pescadores da Ericeira*, Lisboa, Junta Distrital de Lisboa, 1965; leva un "Prefácio" de Cintra nas pp. VII-IX) ou Maria Eduarda Cruzeiro (*Processos de intensificação no português dos séculos XIII a XV*, Lisboa, Centro de Estudos Filolóxicos, 1973).

Moitos destes traballos foron dirixidos desde o *Centro de Estudos Filolóxicos* (hoxe *Centro de Linguística da Universidade de Lisboa*), onde exerceu un labor moi importante. Nel ingresou como bolseiro en 1950 para se ocupar durante algún tempo do *Boletim de Filologia*, que se viña editando desde 1932. A partir de 1954 foi director encargado das publicacións e máis tarde, en 1965, pasou a ser Director da Revista e logo Director do prestixioso Centro, que se creara nos comezos dos anos trinta pola iniciativa de M. Rodrigues Lapa, Rodrigo de Sá Nogueira, M. de Paiva Boléo e Rebelo Gonçalves. Neste Centro, independente da Universidade, exerceu unha constante actividade e promoveu grande empresas, como a elaboración dun *Atlas Lingüístico de Portugal e da Galiza*, dun *Glossário Medieval* (cf. *Boletim de Filologia* XV, fasc. 3 e 4, 1954-1955, pp. 377-378), a serie do *Português Fundamental* (xa en 1964 a *Fundação Gulbenkian*, na que el foi membro do *Conselho de Educação*, lle encomendou estudia-la posibilidade da elaboración do vocabulario e da gramática do *Português Fundamental*, sendo director do proxecto de 1970 a 1974 e continuando despois na dirección João Malaca Casteleiro) ou a edición crítica de textos medievais.

Amais da dirección do *Centro de Linguística*, Cintra foi Director do *Instituto de Fonética e Linguística* da Universidade de Lisboa e recibiu numerosas distincións ó longo da súa vida, sendo membro numerario da *Academia das Ciências de Lisboa (Classe de Letras)*, desde 1964, e da *Academia Portuguesa da História*, desde 1962, así como membro correspondente da *Real Academia Española de la Historia*, desde 1955, ou da *Academia de "Buenas Letras" de Barcelona*, desde 1956. Tamén foi membro do *Consello para a Educación* da *Fundação Gulbenkian* de Lisboa, do *Consello Consultivo de Publicacións* da *Imprensa Nacional-Casa da Moeda* de Lisboa, do *Consello de Editores* da *Revista de Filología Española* e do *Consello de Administración* da *International Association for Cultural Freedom (LACF)* de París.

Unha faceta que non descoidou foi a de participar en reunións científicas, como congresos, coloquios ou simposios. Entre estas participacións con comunicacións podemos lembra-la súa presenza no *V^{ème} Congrès International de Sciences Onomastiques* (Salamanca, 1955), no *Primeiro Congresso Brasileiro de Língua Falada no Teatro*, celebrado en Salvador (Bahia) en 1956; no *Simpósio sobre Lingüística Românica* de Rio de Janeiro (en 1958), no *I Congresso Brasileiro de Dialectologia* de Porto Alegre (en 1958), no *11th Round-Table Meeting*, celebrado no Instituto de Linguaxe e Lingüística da Universidade de Georgetown (1960), no *Colloque sur les anciens textes romans non littéraires* (Strasbourg, 1961), no Congreso sobre o *Presente y Futuro de la Lengua Española* (Madrid, 1963), no Congreso da Federación Internacional de Lingua e Literaturas (Nova York, 1963), no *IV Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas* (Salamanca, 1972) ou en varios congresos da *Société de Linguistique Romane*, como o *VII Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas* de Barcelona (1953), o VIII de Florencia (1956), o XII de Bucarest (1968), o XIV de Nápoles (1974) e o XVI de Palma de Mallorca (1980), sendo el mesmo secretario do comité organizador do IX Congreso, celebrado en Lisboa, en 1959, e encargado de publica-las *Actas* en 3 vols. no *Boletim de Filologia* XVIII (1959), 1961; XIX (1960), 1961, e X (1961), 1962. Tamén foi secretario organizador do *III Congreso Internacional de Estudos Luso-Brasileiros*, celebrado en Lisboa en 1957 (sendo encargado de publica-las *Actas* en Lisboa, en 1959-1961), Vice-Presidente (e logo Presidente en exercicio) do *IV Congreso Internacional de Estudos Árabes e Islámicos* (Coimbra e Lisboa, 1968) e membro da comisión organizadora do *Congresso sobre a situação actual da Língua Portuguesa no mundo*, celebrado en Lisboa en 1983 (publicadas as *Actas* en Lisboa, 1985). A estes aínda poderíamos engadir algúns máis dos celebrados en Portugal, como o *Simpósio sobre Gil Vicente* (Lisboa, 1965) ou *I Simpósio sobre a Língua Portuguesa Contemporânea* (Coimbra, 1967).

Debido á súa categoría científica, Cintra estivo de profesor visitante nalgunhas universidades e deu conferencias noutras moitas, tanto de América coma de Europa. Lembremos algunhas: en 1956 fala en Rio de Janeiro e Belo Horizonte; en maio de 1957 imparte varias leccións en Barcelona; en 1960 trasládase a Washington, invitado pola Catholic University of America, para impartir clases durante un semestre (aproveita para facer visitas de estudio ós Institutos de Lingüística e Fonética das Universidades de Harvard, Johns Hopkins de Baltimore, Madison e Columbus); no curso 1962-1963 visita Inglaterra e dá unha conferencia en Londres, outra en Oxford e varias leccións en Bristol; en 1963 é convidado a visitar varias universidades americanas, estando na Georgetown University e na Catholic University de Washington, así como nas Universidades de Harvard, Chicago, Nova York, Madison, Berkeley, Stanford, Albuquerque e Austin; no curso 1963-1964 dá en Estrasburgo varias leccións de Dialectoloxía e Historia da Lingua Portuguesa; en 1965 imparte en Madrid varias leccións sobre temas histórico-literarios); en 1966 ensina no curso de verán de Málaga; en 1967 fala en Viena e en

1968 en París. Por mor da súa valía científica convidámolo a Santiago o ano 1971 cando o *ILGA* presentou ó público o método *Gallego 1*, que fixeramos na nosa Facultade.

Cando Luís F. Lindley Cintra chegou á Universidade de Lisboa en 1942, pensaba máis ben na Literatura e non na Lingua ou na Historia, como lles acontece na maior parte dos casos ós estudantes de Letras. Pero alí atopouse cun profesor estranxeiro que influíu poderosamente nel. Trátase do recentemente falecido (tamén no presente ano) Harri Meier, que, como profesor convidado, impartía Lingüística Románica en Lisboa nos anos da II Guerra Mundial. Influído por Harri Meier, Cintra dedicouse a estudar Lingüística Románica e comezou a interesarse cada vez máis pola lingua. O mesmo H. Meier foi quen lle encomendou o coidado do *Boletim de Filologia*, do que el se ocupaba, unha vez que tivo que deixar o *Centro de Estudos Filológicos* para voltar á súa terra. Con todo, o primeiro traballo de Cintra, ó face-la Licenciatura, como xa indiquei, versou sobre *O ritmo na posesia de António Nobre*, que era o seu poeta favorito, e anos despois publicou un traballo co título "A propósito do centenário de António Nobre: o decassílabo, o alexandrino e o verso libre no *Só* (ensaio sobre versificação e ritmo)", en *Brotéria LXXXI*, 1968, pp. 168-192.

Unha vez feito este traballo, pouco despois, cando pensou nun tema para a súa tese de doutoramento, interesouse pola lingua medieval e buscou entre as numerosas obras con que conta a lingua portuguesa na época medieval aquelas que estivesen menos estudadas. Así foi dar coa *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Comeza a face-la transcripción do manuscrito de Lisboa e axiña se decata de que, para facer unha investigación seria e definitiva, debería establecer unha comparación cos manuscritos das Crónicas castelás que se conservan en Madrid. De aí que solicitase unha bolsa de estudos, que lle foi concedida, e puidese pasar 3 anos na capital española, estudiando unha serie de manuscritos das Crónicas medievais. De contado entrou en contacto con Ramón Menéndez Pidal, o grande especialista das Crónicas medievais e doutros moitos aspectos da cultura castelá, que lle abriu as portas da súa casa e o recibiu con entusiasmo. Menéndez Pidal foi seguindo de cerca a elaboración da tese do investigador portugués e vendo como ía descubrindo aspectos que a el lle escaparan na súas pesquisas.

Cintra, nun principio, só quería face-la edición crítica do texto portugués, cunha introducción pequena na que explicase as características do texto e os pasos que el seguira para a edición. Pero o traballo foino engaiolando e dominando e a pequena introducción foise agrandando para se converter, ó final, nun libro de 600 páxinas que revolucionou totalmente a historiografía portuguesa e, en parte, a española. Con todo detalle Cintra fai un estudio da *Crónica Geral de Espanha de 1344*, analizando as diferentes redaccións, os manuscritos que se coñecen, a súa orixe, a súa relación coas Crónicas escritas en Castela, cos *Libros de Liñaxes* e coas restantes Crónicas portuguesas, así como a relación coa tradución galega da

Crónica General e da *Crónica de Castilla*, que eu publiquei en Ourense en 1975 e 1977. Froito do seu traballo impresionante, cunha profunda análise de tódolos textos, é a revisión de postulados erróneos anteriores e o descubrimento de feitos transcendentais: Cintra demostra que a *Crónica Geral de 1344* foi escrita primeiramente en portugués e traducida despois desta lingua para o castelán, e non ó revés, como se dicía nos estudos de Menéndez Pidal. Amais Cintra demostra que a *Crónica galega* citada serviu de base á portuguesa e descobre que D. Pedro, o Conde de Barcelos, fillo de D. Dinís, foi o autor do texto por el estudiado, así como do *IV Livro das Linhagens*.

Este texto fundamental interesoulle á *Academia Portuguesa da História*, que o publicou co título *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Edición crítica do texto portugués. Vol. I, Lisboa, 1951 (en realidade acabado de imprimir o 30 de xuño de 1952 e distribuído en 1953). Os outros volumes recollen xa a edición crítica do texto, tendo en conta os manuscritos coñecidos e as *Crónicas castelás* e a *galega*, pois Cintra propúxose restablece-lo arquetipo, tentando reconstruí-lo texto tal como saíu das mans do Conde de Barcelos. A publicación destes volumes foi estremadamente lenta, algo que nos resulta estraño e pouco comprensible: o 2º volume publicouse en 1954, o 3º en 1961 e o 4º e último en 1990, cando xa ninguén contaba con el (publicado pola Imprensa Nacional-Casa da Moeda, que tamén reeditou os outros 3 volumes). Unha pequena parte da *Crónica* está recollida no libro *Crónica Geral de Espanha de 1344: A lenda do Rei Rodrigo*. Introdução, notas e glossário, Lisboa, Ed. Verbo, 1964.

En relación coa súa edición da *Crónica* están unha serie de artigos que o profesor portugués foi publicando mentres realizaba a súa investigación ou despois. Trátase de artigos en que recolle doutrina desenvolvida máis tarde no vol. I ou de contribucións posteriores nas que volve a temas puntuais de carácter histórico para aclarar algúns puntos ou insistir nos seus postulados con novos argumentos, froito de novos descubrimentos. Así temos "Sobre o «Sumário das Crónicas até ao ano de 1368» da Biblioteca Real de Madrid", no *Boletim de Filologia* IX, 1948, pp. 299-320; "O «Liber Regum» e outras fontes do «Livro das Linhagens» do Conde D. Pedro", no *Boletim de Filologia* XI, 1950, pp. 224-251; "Uma tradução galego-portuguesa desconhecida do «Liber Regum»", no *Bulletin Hispanique* LII, 1950, pp. 27-40; "A lenda do Abade D. João de Montemor conhecida em Portugal no século XV?", na *Revista da Faculdade de Letras de Lisboa* XVII, 1951, pp. 109-111; recensión a A. Magalhães Basto, *A tese de Damião de Góis em favor de Fernão Lopes. A posição da «Crónica de Cinco Reis» em face dessa tese*, na *Revista da Faculdade de Letras de Lisboa* XVII, 1951, pp. 252-263; "Sobre uma tradução portuguesa da «General Estoria» de Afonso X", no *Boletim de Filologia* XII, 1951, pp. 184-191; "O «Liber Regum», fonte comum do «Poema de Fernão Gonçalves» e do «Laberinto» de Juan de Mena", no *Boletim de Filologia* XIII, 1952, pp. 289-315; "D. Pedro, conde de Barcelos, Gomes Lourenço de Beja e a autoria da «Crónica Geral de Espanha de 1344»", no *Boletim de Filologia*

XVI, 1956, pp. 137-139; "Sobre a formação e evolución da lenda de Ourique (até a Crónica de 1419)", en *Miscelânea de Estudos em honra do Prof. Hernâni Cidade*, Lisboa 1957, pp. 168-215.

Baseado nos coñecementos que lle proporcionaron os textos medievais escribiu "Alguns casos de diferenciación lexical entre o portugués e o castelano literarios dos séculos XIV-XV", en *VIII Congresso Internazionale di Studi Romanzi (Firenze 3-8 Aprile 1956)*. *Atti*, vol. II. *Comunicazioni*. Parte Prima, Firenze, pp. 127-140, así como "Langue parlée et traditions écrites au moyen-âge", *Atti del XIV Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza (Napoli, 15-20 Aprile 1974)*, vol. I, 1978, pp. 463-472.

Despois de traballar na *Crónica*, non perdeu o Prof. Cintra o gusto polos temas medievais e seguiu a investigar noutro tema importante, escollendo un texto tamén relacionado coas outras linguas da parte centro-occidental da Península. Refírome ó seu libro *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do séc. XIII*, Lisboa, 1959 (reeditado pola Imprensa Nacional en 1984). Nesta obra vólvenos ofrecer un estudio completísimo sobre o que nos di o autor:

"Era um livro muito denso e técnico. Levou-me imenso tempo a elaborar porque estava então sobrecarregado de aulas na Faculdade e porque me tinham entretanto convidado para organizar vários congressos científicos e fi-lo. Foi uma época muito difícil, com muitos piores condições de trabalho. Demorei oito anos a fazer aquele livro. Às vezes, sentia um grande cansaço. Perguntava-me a mim próprio se valia a pena. Hoje em dia, uma vez concluída a obra e descoberto o que ela tinha de modelo para outros estudos, acho que, sobretudo a parte final, onde apresento conclusões sobre a questão do repovoamento e a mistura de origens dos repovoadores, compensa o trabalho que tive. Eu pretendia fazer, através da linguagem dos foros, uma espécie de estudo de gramática comparativa entre o galego-português, o leonês e o castelano. Era também um estudo de tema ibérico e não unicamente português" (entrevista feita por José Mattoso, en *Penélope. Fazer e desfazer a História*, nº 3, xuño 1989, p. 83).

O resultado do seu traballo foi unha contribución moi importante, na que fai un estudio histórico, analiza as características fonéticas e morfolóxicas e fixa o texto dos foros, ofrecéndonos unha serie de conclusións que demostran unha vez máis a súa intuición e clarividencia. Cintra compara a lingua deste foro coa lingua que achamos nos documentos da zona e co estado actual daquela rexión dialectal. En todos estes textos temos unha mestura de galego (portugués) e leonés, que se xustifica historicamente pola repoboación, onde xogaron un papel primordial os galegos.

En relación con esta investigación está o seu artigo "Toponymie léonaise au Portugal: la région de Ribacoa", en *V^{ème} Congrès International de Sciences Onomastiques. Salamanca, 12-15 avril 1955. Actes et Mémoires*, I, Salamanca, 1958, pp. 245-257.

Desde a publicación dos foros, a contribución de Cintra ós estudos medievais foi esmorecendo, dedicándose preferentemente a outras actividades científicas. Con todo, de vez en cando, volveu a retoma-lo tema que lle deu fama, como

no caso dos artigos seguintes: "Les anciens textes portugais non littéraires. Classement et bibliographie" e "Observations sur l'orthographe et la langue de quelques textes non littéraires galiciens-portugais de la seconde moitié du XIII^e siècle", en *Les anciens textes romans non littéraires. Leur apport à la connaissance de la langue au moyen âge. Colloque international organisé par le Centre de Philologie et de Littératures Romanes de l'Université de Strasbourg du 30 janvier au 4 février 1961. Actes publiés avec le concours de la Société de Linguistique Romane par Georges Straka, Paris, Klincksieck, 1963, pp. 169-187 e 188-206 (Revue de Linguistique Romane XXVII, 1963); "Observations sur le plus ancien texte portugais non littéraire: la *Notícia de Torto* (Lecture critique, date et lieu de rédaction)", en *Actele celui de al XII-lea congres internațional de lingvistică și filologie romanică*, vol. II, București, 1971, pp. 161-174. Este tema volveuno a tratar no Congreso de Palma de Mallorca de 1980, publicando a refundición dos dous artigos pouco antes da súa morte en "Sobre o mais antigo texto não-literário português: a *Notícia de Torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário linguístico)", no *Boletim de Filologia* XXXI, 1986-1987 [1990], pp. 21-77.*

Por outra banda, os temas medievais foron obxecto da súa atención en enciclopedias ou prefacios de libros, como acontece no *Dicionário das Literaturas Portuguesa, Galega e Brasileira*, dirixido por Jacinto do Prado Coelho (Porto, 1960; 2^a ed. co título *Dicionário de Literatura. Literatura Portuguesa. Literatura Brasileira. Literatura Galega. Estilística Literária*, Porto, 1968-1969), onde escribe sobre Fr. João Álvares, *Tratados de Caça, Crónica Breve do Arquivo Nacional, Crónica da Conquista do Algarve, Crónica de Portugal de 1419, Crónica do Condestabre, Crónica do Mouro Rasis, Crónica Geral de Espanha de 1344, Crónica Troiana, Crónicas Breves de Santa Cruz, Historiografia medieval, D. João I, Livro da Montaria, Livros das Linhagens, Fernão Lopes, Portugaliae Monumenta Historica e Gomes Eanes de Zurara*. Tamén escribiu sobre D. Duarte nunha obra dirixida por Hernâni Cidade (*Os Grandes Portugueses*, obra publicada a partir de 1960 pola Editorial Arcádia, vol. I, pp. 139-154) e ten unha "Nota prévia" á edición da *Cronica del Rei Dom Joham I de boa memoria e dos Reis de Portugal o decimo*. Parte Segunda escrita por Fernão Lopes e agora copiada fielmente dos melhores manuscritos por William J. Entwistle (Lisboa, Imprensa Nacional, 1968 [e 1977], pp. VII-XI), e o "Prefácio" á *Cronica del Rei Dom Joham I de boa memoria e dos Reis de Portugal o decimo*. Parte Primeira, escrita por Fernão Lopes. Reprodução facsimilada da edición do Arquivo Histórico Português (1915) preparada por Anselmo Braancamp Freire (Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1973 [e 1977], pp. 7-17). Escribiu unha "Nótula sobre os manuscritos das obras de Fernão Lopes", en *Colóquio* 29, Junho de 1964, pp. 49-50, e outro artigo seu versa "Sobre o Códice Alcobacense 290 (ant.º 316) da Biblioteca Nacional de Lisboa (Autógrafo de Duarte Galvão?)", no *Boletim de Filologia* XXIII, 1974, pp. 255-275. Lembremos amais a "Introdução" ó *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Código 4803)*. Reprodução facsimilada, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos, Instituto

de Alta Cultura, 1973, pp. VII-XVIII, e a "Apresentação" á edición do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancutti)*. Cód. 10991. Reprodução facsimilada, Lisboa, Biblioteca Nacional, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.

Outra faceta que debemos destacar na súa obra é a dos estudos dialectais, que non é moi extensa, pero si de contrastada calidade. Coa guerra civil española quedaron interrompidos os traballos do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica (ALPI)* e a finais dos anos corenta volveuse outra vez á idea de continua-las enquisas. Como o Dr. Armando Nobre de Gusmão, que se ocupara da parte portuguesa antes da guerra, non estaba en condicións de se facer cargo da recollida dos materiais, porque quedara traumatizado polas barbaridades que presenciara no ano 1939 por parte dos golpistas, os responsables do *ALPI* ofrecéronlle a Cintra a posibilidade de que fose el o que levase a cabo as enquisas, e el aceptou. Desta maneira, Cintra e o investigador galego Aníbal Otero (que xa participara antes da guerra na colleita dos materiais e a quen un fiscal analfabeto quixera mesmo condenar a morte ó collelo a policía franquista na fronteira portuguesa cos cadernos escritos e consideralo espía do goberno republicano) reanudaron a recollida dos datos para o Atlas en Galicia e Portugal. Por este motivo, durante os períodos de verán e outono de 1953 e 1954, cun total de 10 meses, Cintra percorreu Portugal cos cadernos do *ALPI*, realizando un total de 70 enquisas no país veciño. Logo, no verán de 1956, volveu a facer algunha enquisa para completa-la documentación e resolver algunhas dúbidas. Como el mesmo nos di:

"Durante dez meses ao todo, repartidos pelos anos do 53 a 56, convivi todos os veráos com gente do povo - aprendi o que era Portugal. Graças ao *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* conheci o Portugal vivo, o Portugal das aldeias e dos portos" (*Penélope*, p. 85).

Unha vez rematadas as enquisas, comezou a preparación dos materiais polos responsables do Atlas e fóronse dando informacións sobre o estado dos traballos. Unha delas débemoslla ó propio Cintra, que xunto a M. Sanchis Guarner, L. Rodríguez Castellano e Aníbal Otero, escribiu "El Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI). Trabajos, problemas y métodos", en *Actas do IX Congreso Internacional de Lingüística Românica (31 de Marzo-4 de Abril 1959)*, Lisboa (*Boletim de Filologia XX*, 1961, fasc. 1 e 2), 1962, pp. 113-120. Por fin, en 1962 o C. S. I. C. de Madrid publicou o primeiro volume desta accidentada investigación (*Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. I. Fonética I*). Desgraciadamente non tivo continuación, porque o actual Presidente da Real Academia Española se opuxo a que se continuase publicando. Parte dos materiais recollidos por A. Otero e Cintra están hoxe depositados no *ILGA* e para o investigador portugués sempre foi un motivo de lamentación a infravaloración destes valiosos materiais. Eu ofrecínlle a posibilidade de que se trasladase a Santiago para impartir un seminario e facer unha copia dos materiais que lle interesasen, pero o seu estado de saúde nos últimos anos non o animou a volver unha vez máis á nosa Universidade.

Desde aquelas datas en que andou por Portugal collendo información para o Atlas, Cintra non esqueceu os traballos de campo e en anos sucesivos, durante

9, sempre fixo viaxes de varios días con grupos de 40 ou 50 alumnos para chegar a rexións afastadas de Portugal e facer enquisas, coa fin de que tomasen contacto coa lingua do pobo e aprendesen a recolle-lo léxico e as características dialectais.

Tomando como base a súa experiencia nas enquisas do *ALPI* e noutras posteriores, Cintra publicou varios artigos sobre temas dialectais, ás veces enlazando o estudio dialectal co de carácter diacrónico para tratar de establecer áreas fonéticas ou lexicais. Estes artigos son os seguintes: "Enquêtes au Portugal pour l'Atlas Linguistique de la Péninsule Ibérique", en *Orbis* III, 1954, pp. 417-418; "Alguns estudos de fonética com base no Atlas Lingüístico da Península Ibérica", nos *Anais do Primeiro Congresso Brasileiro de Língua Falada no Teatro (Universidade da Bahia, 1956)*, Rio de Janeiro, Ministério da Educação e Cultura, 1958, pp. 186-195; "Une frontière lexicale et phonétique dans le domaine linguistique portugais", en *Actas do IX Congresso Internacional de Linguística Românica (31 de Março-4 de Abril 1959)*, Lisboa (*Boletim de Filologia* XX, fasc. 1 e 2, 1961), 1962, pp. 31-39; "Áreas lexicais no território português", no *Boletim de Filologia* XX, fasc. 3-4, 1962, pp. 273-307; "Os ditongos decrescentes *ou* e *ei*: esquema de um estudo sincrónico e diacrónico", en *Anais do Primeiro Simpósio de Filologia Românica (1958)*, Rio de Janeiro, Ministério da Educação e Cultura, 1970, pp. 115-134; "Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses", no *Boletim de Filologia* XXII, 1964-1971, pp. 81-116; "«Griséu», um Moçarabismo Algarvio", en *Biblos* LVII, 1981, pp. 65-71. Todos estes artigos, menos o do Congreso de Florencia, foron recollidos despois no libro *Estudos de Dialectologia Portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa Editora, 1983. Tamén incluíu como introducción (pp. 9-15) o artigo "Sobre o interesse humano do estudo dos dialectos e falares regionais" (publicado en *Távola Redonda* 19, novembro de 1962).

Cintra participou, por outra banda, no vello proxecto de elaboración dun Atlas Lingüístico de Portugal e de Galicia, idea compartida con Manuel de Paiva Boléo e José G. Herculano de Carvalho e do que dá noticia en "Projecto de um Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza", en *III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Lisboa, 1957)*, *Actas*, vol. II, Lisboa, 1960, pp. 413-417. Baixo a dirección de Cintra, un pequeno grupo de investigadores iniciou en maio de 1970 os traballos preparatorios para pasar despois ás colleitas de material no campo. Aínda que con moita demora, o proxecto continúa adiante e véñense facendo enquisas desde hai anos por membros do *Instituto de Linguística*.

Igual que fixo no *ALPI*, Cintra colaborou con outros estudiosos hispánicos nunha empresa ideada polo C. S. I. C. de Madrid. En 1954, o *Consejo* ideou a elaboración dunha grande *Enciclopedia Lingüística Hispánica* e encargóuselle a dirección a M. Alvar, A. Badía, R. de Balbín e L. F. Lindley Cintra. Pero tamén, como sucedeu co *ALPI*, esta obra, que estaba destinada a ocupar un lugar destacado nas grandes empresas da Romanística, quedou interrompida e só se publicaron 2 tomos (Madrid, 1960 e 1967) e un Suplemento (Madrid, 1962).

Outro tema que lle interesou andando o tempo foi o das formas de tratamento en portugués e a el dedicoulle a atención en varias ocasións: "Oríxens do sistema de formas de tratamento do portugués actual", en *Brotéria* LXXXIV, 1967, pp. 49-70; "«Tu» e «vós», como formas de tratamento de Deus, em orações e na poesia em língua portuguesa", en *Miscelânea de Estudos em honra do Prof. Vitorino Nemésio*, Lisboa, 1971; "Tratamento de intimidade e tratamento de cortesia nas obras de Gil Vicente" (do *Simpósio Vicentino* de Lisboa, 1965). Estes traballos, algo remodelados, con 4 apéndices, foron recollidos no libro *Sobre "Formas de Tratamento" na Língua Portuguesa*, Lisboa, Livros Horizonte, 1972.

A todos estes traballos debemos engadir un libro en colaboración co investigador brasileiro xa desaparecido Celso Ferreira da Cunha (véxase *Verba* 16, 1989, pp. 529-531). Refírome á *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa, Edições João Sá da Costa, 1984, da que tamén se fixo unha *Breve Gramática do Português Contemporâneo*, Lisboa, 1985 (na mesma editorial). Celso Cunha publicara ó longo da súa carreira científica varias gramáticas e tiña unha enorme experiencia na confección deste tipo de estudos. É de supor que nas súas conversas con Cintra, nunha das súas numerosas viaxes a Lisboa, xurdise a idea de colaboraren os dous grandes especialistas da filoxía portuguesa na preparación dunha gramática conxunta para Portugal e o Brasil. O resultado foi un libro que tivo unha excepcional acollida entre os estudiosos do portugués (aínda que, por motivos de norma lingüística, se fixeron edicións algo diferentes para os dous países).

Neste rápido repaso ás súas publicacións, aínda debemos lembrar outras contribucións. Así, colaborou na ordenación e preparación para a publicación do *Romanceiro Geral Português* de José Leite de Vasconcelos, obra que deixara inédita o grande investigador portugués (publicada en Coimbra, Acta Universitatis Conimbrigensis, 1958 e 1960); fixo a "Bibliografía de Wilhelm Giese", no *Boletim de Filologia* XVI, 1956, pp. 91-124; escribiu sobre "A obra filológica do Prof. David Lopes", na *Revista da Faculdade de Letras de Lisboa*, III série, 11, 1967, e sobre "Rodrigues Lapa", en *Seara Nova* 1460, Junho de 1967, pp. 162-163, e no *Boletim de Filologia* XXVIII, 1983, pp. VII-X). Ten unhas "Notas à margem do «Romanceiro» de Almeida Garrett", no *Boletim Internacional de Bibliografia Luso-Brasileira* VIII, 1967, unha "Nota prévia" a João de Barros, *Gramática da Língua Portuguesa (Cartinha, Gramática, Diálogo em louvor da nossa linguagem e Diálogo da viciosa vergonha)*. Reprodução facsimilada, leitura, introdução e anotações por M^a Leonor C. Buescu, Publicações da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, 1971, pp. V-VIII; un "Prefácio" a A. R. Gonçalves Viana, *Estudos de Fonética Portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1973, pp. 7-10, e un "Prefácio" a «Serra Mãe», *Poemas*, de Sebastião da Gama, Edições Ática, 1957 (tamén "Sebastião da Gama, um depoimento", na revista *O Tempo e o Modo* 27, maio de 1965). Inclúese da súa autoría o discurso de abertura e de peche nas *Actas do IV Congresso de Estudos Árabes e Islâmicos, Coimbra-Lisboa, 1 a*

8 de Setembro de 1968, *Actas*, Leiden, 1971, pp. XIX-XXVII, e nas *Actas do Congresso sobre a Situação Actual da Língua Portuguesa no Mundo* (Lisboa, 1983), vol. I, Lisboa, ICALP, 1985, débeselle a el a "Nota Prévia" (pp. 5-7), o "Discurso de Encerramento" (pp. 61-66) e a participación na "Mesa Redonda" (pp. 526-527). Tamén nos deixou un artigo sobre "Présence et problématique actuelle de la langue portugaise dans le monde", nos *Arquivos do Centro Cultural Português* XIX, 1983, pp. 207-223, e unha "Evocation de Ruy Belo", nos *Arquivos do Centro Cultural Português* XXVIII, 1990, pp. 57-61.

O labor investigador de Cintra foi, en liñas xerais, de grande importancia e algunhas das obras que saíron das súas mans son modélicas. Unicamente é de lamentar que, tendo en conta a súa capacidade excepcional para a investigación, tiuese unha época de case abandono total dos estudos, adicado ó ensino ou a outras actividades. Tivo momentos difíciles na súa vida, sobre todo a partir da revolución do 25 de Abril de 1974, pero soubo sobreporse. El mesmo o reconece na citada entrevista concedida ó historiador José Mattoso:

"Houve várias fases na minha vida. Inicialmente predominou a investigação, mas convivendo, enquanto foi possível, com o trabalho pedagógico. Depois houve uma fase em que me dediquei quase exclusivamente à dialectologia e à pedagogia, se posso dizer assim, em poucas palavras. E, mais tarde, notei que tinha produzido muito poucos escritos em certa época da minha vida, mas não me arrependi disso. Agora, a partir de certo momento, senti que era imprescindível dedicar mais tempo aos trabalhos e ao empreendimento de alguns novos. Fui então reduzindo, até porque as condições de saúde me o exigiram, a parte pedagógica correspondente às aulas, embora sem abandonar a orientação de teses de doutoramento e de outros trabalhos de promoção na carreira de investigação. Agora posso dizer que me encontro numa fase de certa recuperação, tanto quanto a saúde me permite, da investigação que tinha ficado um pouco de lado devido ao excesso de aulas, excursões, criação e orientação de equipas. Tarefas em que absorvia quase integralmente o meu tempo, até prejudicar, de certa maneira, a minha vida familiar" (*Penélope*, p. 89).

Estas palabras resumen perfectamente a traxectoria do famoso investigador portugués, que pasou os últimos anos da súa vida nunhas condicións físicas penosas por culpa da enfermidade que padecía.

Para min sempre resultou gratificante encontrarme con el en Lisboa desde que o coñecín no *Centro de Estudos Filológicos* no ano 1961. Mesmo debo reconecer que foi unha conversa que tiven con el o que me levou a preparar como tese de doutoramento a edición de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* (publicada en Ourense, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 1975, 1977), texto que el tan ben estudiara na Introducción á súa edición da *Crónica Geral de Espanha de 1344*. Naquela miña estaba en Lisboa do ano 1961 falamos do texto galego, que xa estudiara parcialmente nun traballo de licenciatura Jorge Morais Barbosa. Como este investigador abandonara a idea de ler todo o texto e publicalo, Cintra animoume a min a face-la edición. Eu nun principio quería facer unha tese de dialectoloxía e xa comezara nese mesmo ano a recoller materiais, pero o meu traslado a Colonia, en abril do 1962, fixo que tomase en consideración a proposta de Cintra. Coñecendo a súa humanidade e a

súa valía, velo nos últimos anos tan diminuído fisicamente chegaba a producir angustia, pero Cintra seguiu con ganas de traballar ata o final dos seus días, participando nas tarefas da Universidade, do Instituto ou da Academia das Ciencias. Así participou nas negociacións que se levaron a cabo para un novo acordo ortográfico e en 1975 formou parte da Comisión Ortográfica da Academia, cando se preparou o texto que serviu de base ó acordo de 1986. Neste ano formou parte da delegación portuguesa que asinou en Rio de Janeiro o novo *Acordo Ortográfico* que tanto deu que falar en Portugal nos últimos tempos.

Dentro da tristeza que causa a perda dun home coma Luís Filipe Lindley Cintra, para min, en particular, representa un feito de persoal satisfacción que un investigador que comezou con tanta forza e cunha contribución tan admirable, como é a edición da *Crónica Geral de Espanha de 1344*, rematase a súa carreira investigadora, pouco antes de morrer, cunha volta ós estudos medievais e nos deixase unha refundición tan completa do seu importante artigo sobre a *Notícia do Torto*.